

# Rosalía en Camiño



**DIÁLOGOS  
LITERARIOS  
MULTILINGÜES  
2021**



CASA DE ROSALÍA

CINCUENTA ANIVERSARIO 50

Edita:

**Fundación Rosalía de Castro**

Patrocinan:

- **S. A. de Xestión Plan Xacobeo**

Imprime: Gráficas Lasa (Padrón)

Dep.Legal: C 1062-2021

ISBN: 978-84-87668-51-7



# **Rosalía en camino**

**DIÁLOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES - 2021**



# **Introducción**

Anxo Angueira  
**Presidente da Fundación  
Rosalía de Castro**

## Rosalía en Camiño 2021

Roubounos 2020 a segunda edición do Rosalía en Camiño, pero estou por dicir que esta do 2021 recolle tódolas ansias acumuladas en dous anos. E, así, continuamos coa idea de elaborar un proxecto con novas actividades a partir do remuíño xerado no mundo da cultura en Galicia coa celebración do Xacobeo 2021-2022, pero tamén, se fose posible, coa idea de permanencia no tempo.

Tamén seguimos coas mesmas liñas fundamentais, que son as que teñen por obxectivo promover a dimensión internacional da lingua e da cultura galega a través da figura de Rosalía de Castro e dos seus vínculos co Camiño de Santiago.

Este ano temos a fortuna de ter como coordinadora a Chus Pato, que pertence á Comisión Executiva da Fundación, e que é unha poeta de recoñecido prestixio a nivel galego e a nivel internacional. Grazas a ela xúntanse nesta edición un ramo diverso e desde logo ben interesante e tamén representativo do que é a poesía galega e a poesía peninsular do noso tempo. Anna Gas, poeta en catalán, Antón Blanco, Alba Cid, Berta Piñán, poeta en asturiano, Genaro da Silva, José Rui, poeta en portugués, Luz Pichel, poeta en castelán e galego, e Tere Irastortza, poeta en éuscaro, amosan aquí unha pequena escolma da seu traballo literario e ofrécenos tamén uns textos inéditos do seu diálogo con Rosalía de Castro.

E diálogo é precisamente o que queremos transmitir neste proxecto. Diálogo e comunicación en diferentes linguas e entre diferentes culturas, poetas e xeracións a partir de dous referentes de dimensión universal como son Rosalía de Castro e o Camiño de Santiago.

Os espazos escollidos este ano fan fincapé en Padrón e Compostela, loxicamente, pero tamén en Iria, en Bonaval e mesmo nas Torres de Oeste. Son espazos rosalianos e xacobeos que moitos dos poetas descubrirán, ó tempo que nós descubriremos a palabra diversa e plurilingüe que nos traen. O libro, pois, que tes entre as mans quere deixar constancia deste diálogo e deste encontro, tanto en papel como na súa versión electrónica, para que poida ser lido en calquera parte do mundo e poida tamén ser material didáctico nos centros de ensino.

7

Grazas ó Xacobeo 21 porque nos apadriña, a Chus Pato polo seu labor de coordinación e especialmente a este colectivo que afianza un proxecto no que intentamos seguir no camiño da pluralidade e do enriquecemento mutuo a través da creación poética á beira de Rosalía.



# **O referente chamado Rosalía de Castro**

Román Rodríguez González

**Conselleiro de Cultura,  
Educación e Universidade**

## O referente chamado Rosalía de Castro

Nas ciencias experimentais adóitase botar man dun aforismo atribuído a Isaac Newton para destacar a condición acumulativa e colaborativa da actividade científica. Dise que calquera avance ou descubrimento que alguén consegue foi grazas a que se alzou «sobre os ombreiros de xigantes», metáfora transparente e hiperbólica coa que se alude ás achegas que, no pasado, fixeron outras persoas, alicerce sobre o que se erixe todo novo coñecemento.

10

O ámbito literario non carece dun aforismo propio de idéntico significado, malia a natureza solitaria do acto de escribir, que pode conducir á falsa ilusión, compartida por algúns escritores e escritoras, de estaren creando *ex novo* e *ex nihilo*, contradicindo ao sabio Anicio Boecio. Neste caso é máis común a crenza de que toda escrita se realiza sempre «sobre palimpsestos», o que obriga a admitir a evidencia da existencia dunha tradición e dunhas iconas referenciais que resulta imposible eludir e que inflúen consciente ou inconscientemente, por moito que se consideren borradas, en quen ten por oficio ou por afección crear edificios empregando as palabras como materia.

Na tradición literaria galega contemporánea Rosalía de Castro é o referente, o palimpsesto, agora sen que a metáfora precise de apostilas ou adxectivacións que a acouten nuns innecesarios límites semánticos. A obra de Rosalía de Castro


foi, no último século e medio, acicate e alento de vocacións literarias, inspiración para o sopro creador e mais modelo a seguir na súa aventura lírica para todo poeta de Galicia. Asistiron a esta cita tamén non poucos autores e autoras foráneos, entre quen hai abundantes exemplos de alofonía, como o protagonizado polo andaluz Federico García Lorca nos tan celebrados Seis poemas galegos.

Que o referente chamado Rosalía de Castro permanece en vigor e conserva a vitalidade de sempre está fóra de toda dúbida, como o demostra este libro no que oito persoas de xeracións, raíces literarias e procedencias culturais e lingüísticas diferentes se congregan, para dialogaren poeticamente con ela, cando transcorreron 136 anos desde aquel 15 de xullo de 1885 en que faleceu en Padrón. Esta feliz conmemoración libresca bota man ademais doutro recurso que nos traslada ás orixes mesmas da lírica galega, a que botou a andar, na Idade Media, con composicións como o descort plurilingüe no que o seu autor, o trovador occitano Raimbaut de Vaqueiras, facía uso dos idiomas provenzal, italiano, francés, gascón e galego, encerrando, deste xeito, en 50 versos e oito coblas todo un edificio cultural que, malia se expresar en múltiples linguas, tiña unha cerna común que axudara a construír o Camiño de Santiago desde o século VIII.

11


Así, pois, non pudo máis que saudar efusivamente a saída á luz de *Rosalía en camiño. Diálogos literarios multilingües 2021*, así como darlle as grazas ás e aos poetas que participan neste ameno diálogo poético con Rosalía de Castro, atendendo á chamada da Fundación que leva o seu nome e a honra coa edición deste libro.





**Diálogos**





## Anna Gas Serra

Barcelona, 1996. É graduada en Estudos Literarios pola Universitat de Barcelona e actualmente cursa Psicoloxía na mesma. O «Premi de poesía Joan Duch per a joves escriptors» supón a publicación do seu primeiro poemario, *Crossa d'aigua* (Editorial Fonoll, 2017). En 2020 foi galardoada co «Premi Josep Maria Llompart de poesía Cavall Verd» por *Llengua d'àntrax* (Edicions del Buc, 2019). Dende 2018, participou en diversas antoloxías poéticas e foi traducida ao castelán, inglés, italiano e galego. Recentemente gañou o «Premi Mercè Rodoreda de contes i narracions», polo libro *El pèndol*, publicando así, en Edicions Proa (2021), o seu primeiro libro como narradora.



Eu levo unha pena  
gardada no peito;  
eu lévoa, e non sabe  
ninguén por que a levo.  
Orelas vizosas  
do Miño sereno,  
onde o paxariño  
ten o seu espello,  
i antre as margaridas  
pacen os cordeiros,  
vós soias sabedes  
o meu sentimento.  
Cabo dunha pena  
onde mana un rego,  
á sombra dun pino  
manso e xigantesco  
que soberbo brama  
cando o move o vento,  
coma nun sepulcro  
dorme o meu sacreto.  
Mais anque alí dorme  
vive en min desperto.  
Eu levo unha pena  
gardada no peito,  
tamaña, tamaña,  
bon Dios, que n'a rexo.  
¡Quén me dera, orelas  
do Miño sereno,  
ser un daqués cómaros  
que en vós tén asento!  
Sin medo e sin penas,  
de vran e de inverno,  
un sigro tras doutro  
morara onde eu quero...,  
ca veiga por paso,  
co espazo por teito.

Poema escollido por Anna  
Gas para o diálogo.

"Dor alleo n'émeu dor"  
en "As viudas dos vivos  
e as viudas dos mortos".  
*Follas Novas*, 1880

Poema de Anna Gas  
para o diálogo

Al marge del passatge hi ha una alzina  
d'arrels antigues que ens feia, tenaç,  
d'arca i far destre molt abans que al cos  
se m'elevessin corbes i en pogués  
tocar la branca amb el braç allargat,  
molt abans que en pintessis tu l'escorça  
o els fruits, que l'imitessis en vinclar-te  
com si així el vent et guíés també a tu.  
Ni la destral ni l'incendi sotmeten  
l'arbre que ens sobreui i que endins serva  
com s'alça el temps contra el nostre fracàs  
d'anomenar-lo quan en fem mirall.

Només l'arbre ens sabrà quan ens trobem  
sota l'ombra madura de la copa  
on, freq a freq, ens cruixirem alhora  
cedint al so marró d'aquella fulla  
que un dia excepcional es deixa caure  
i reverbera en el nostre transcórrer,  
endins la saba, perseguint el cel.

Á marxe da pasaxe hai unha aciñeira  
de raíces antigas que nos facía, tenaz,  
de arca e faro destro moito antes de que no corpo  
se me elevasen curvas e puidese  
tocar a galla co brazo estirado,  
moito antes de que pintases ti a cortiza  
ou os froitos, que a imitases vencellándote  
como se así o vento te guiasse tamén a ti.  
Nin o machado nin o incendio someten  
a árbore que nos sobrevive e que dentro garda  
cómo se alza o tempo contra o noso fracaso  
de nomealo cando o facemos espello.

19

Só a árbore nos saberá cando nos atopemos  
baixo a sombra madura da copa  
onde, freta a freta, nos renxemos á vez  
cedendo ao son marrón daquela folla  
que un día excepcional se deixa caer  
e reverbera no noso transcorrer,  
dentro da resina, perseguido o ceo.

Traducido por  
Antón Blanco Casás

## SIS POEMES DE *LLENGUA D'ÀNTRAX*

54

un clau en treu un altre fins que  
es rovella i t'oxida  
la carn. he temptat  
la fermesa d'una pell  
glaçada amb el recer que cercava  
d'ardor aquesta mà.  
obligada a estimar en un sorramoll,  
les brunes llàgrimes  
del desfici corrompen la sang  
d'una galta innocent  
en veure desfer-se,  
del llaç inoportú dels dits,  
traïdora, la mà de gel que no  
et sosté mai dreta.  
20 s'esmuny enllà,  
i ara és la meva que  
vítrica es desmembra.

55

no hauries de temptar-te  
amb el verí fins  
al dia de la teva mort.  
ha deixat una taca violeta  
que ofusca la lletra maleïda  
del teu cos esborrallat.  
on és l'espai? quan és el temps?  
hi tens l'accés denegat retolat  
al cor fregit salpebrat al punt  
que has perdut en la cerca.  
com fumerol de festa et raja  
el buit entre els dits.  
cap vers no ho comprèn.  
i que així sigui.

## SEIS POEMAS DE *LINGUA DE ÁNTRAX*

54

un cravo quita outro ata que  
se enferruxa e che oxida  
a carne. tentei  
a firmeza dunha pel  
xeada co abeiro que buscaba  
de ardor esta man.  
obrigada a querer nunha lameira,  
as morenas bágoas  
do desengano corrompen o sangue  
dunha meixela inocente  
ao verse desfacer,  
do lazo inoportuno dos dedos,  
traidora, a man do xel que non  
che sostén a man dereita.  
escorrega alá,  
e agora é a miña que  
vítreo se desmembra.

Traducido por  
Antón Blanco Casás

21

55

non terías que tentar  
o veneno ata  
o día da túa morte.  
deixou unha mancha violeta  
que ofusca a letra maldicida  
do teu corpo emborrallado.  
onde está o espazo? cando é o tempo?  
tes o acceso denegado rotulado  
no corazón fritido salpresado ao punto  
que perdiches na busca.  
como fumeira de festa abróllache  
do baleiro entre os dedos.  
non comprende ningún verso.  
e que así sexa.

2

el desig cega  
la catàstrofe rere el gest  
i les paraules fan la resta.  
t'ensenyaré cadascuna de  
les runes que sedimento  
sota els plecs i admiraràs  
el meu jardí astènic.  
allà on jo volia un panteó  
vaig construir un panòptic  
amb ell al centre, amo  
de la traïdora llum  
que sotmet al seu  
ull de jutge intransigent  
cada pas que desfaig.

22

58

sospesa la balança  
amb el refús al plat dret  
i l'afirmació a l'esquerre.  
a la dreta, cent quilos  
de palla o quinze de plom  
vencen les quatre pedres  
diminutes de l'esquerra.  
frega't la vista amb peròxid  
d'hidrogen i torna a mirar.  
a l'esquerra, tres robins  
i un safir diamantí vencen  
la basta matèria inflamable  
de la dreta anèmica.  
l'error es troba a fer pesar  
més la balança polsosa  
que la bellesa infiltrada  
pel cristal·lí que liba.

2

o desexo cega  
a catástrofe tras o xesto  
e as palabras fan o demais.  
ensinareiche cada unha das  
ruínas que sedimento  
baixo os pregos e admirarás  
o meu xardín asténico.  
alá onde eu quería un panteón  
construín un panóptico  
con el no centro, amo  
da traidora luz  
que somete ao seu  
ollo de xuíz intransixente  
cada paso que desfago.

58

suspendida a balanza  
co rexeitamento no prato derecho  
e a afirmación no esquierdo.  
á dereita, cen quilos  
de palla ou quince de chumbo  
vencen as catro pedras  
diminutas da esquerda.  
frégate a vista con peróxido  
de hidróxeno e volve mirar.  
á esquerda, tres rubís  
e un zafiro diamantino vencen  
a vasta materia inflamable  
da dereita anémica.  
o erro atópase ao facer pesar  
máis a balanza poeirenta  
que a beleza infiltrada  
polo cristalino que liba.

23

65

a la cara ombriva d'un turó  
es recobria el cos de gris  
un individu esbadocat.  
fou sotmès a altes  
pressions i temperatures  
però no s'arribà a desfer.  
els químics d'una cama  
el tornaren pissarra, un braç  
esdevingué marbre tacat  
i lentament, amb un ritme  
llagrimós, es fongué amb  
la natura que ens separa.  
i es digué: encara sóc humà.

24

67

els estris de l'atzar deixen petjada  
en l'orifici còncau del comiat.  
heu jugat a inflar paraules  
barrocament buides i ara  
no sabeu què fer amb tants  
mesquins punts finals.  
havieu d'imitar la decència  
de l'últim batec del cor  
al cos i, en canvi, us creixen  
corbs sota les unges.  
heu després el pacte amb l'honradesa.  
el verb botxí no perdona quan  
el temps s'enderroca cap endavant.

65


na aba umbría dun oueiro  
recubríase o corpo de gris  
un individuo aberto.  
foi sometido a altas  
presións e temperaturas  
pero non chegou a desfacerse.  
os químicos dunha perna  
virárono louza, un brazo  
converteuse en mármore manchado  
e lentamente, cun ritmo  
lacrimoso, fundiuse coa  
natureza que nos separa.  
e díxose: áinda son humano.

25

67

as ferramentas do azar deixan pegada  
no orificio cóncavo do adeus.  
xogastes a inflar palabras  
barrocamente baleiras e agora  
non sabedes que facer con tantos  
mesquiños puntos finais.  
Tiñades que imitar a decencia  
do derradeiro latexo do corazón  
no corpo e, en cambio, médranos  
corvos baixo as uñas.  
desaprendestes o pacto coa honradez.  
o verbo verdugo non perdoa cando  
o tempo se derruba cara a adiante.





## Antón Blanco Casás

Vilagarcía de Arousa, 1996. Estudou Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago de Compostela e especializouse en Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade de Barcelona, onde actualmente traballa como lector de galego. Publicou os poemarios *A oseira* (2016), libro que abría a colección da editorial Chan da Pólvora, *Tres estudos para un poema da cidade* (Galaxia, 2018) e *Voz do arqueiro* (Chan da Pólvora, 2020). Con este último libro gañou en 2019 o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. No eido da ensaística publicou en 2020 o *Ensaio sobre o poema e o mar da morte* en Euseino?

*Eu ben vin estar o moucho  
enriba daquel penedo.  
¡Non che teño medo, moucho;  
moucho, non che teño medo!*

I

Unha noite, noite negra  
como os pesares que eu teño,  
noite filla das sombrisas  
alas que estenden os medos;  
hora en que cantan os galos,  
hora en que xemen os ventos;  
en que as meigas bailan, bailan,  
xuntas co demo pirmeiro,  
arrincando verdes robres,  
portas e tellas fendendo,  
todas de branco vestidas,  
tendido-los brancos pelos  
contra quen os cans oubelan  
agoirando triste enterro;  
cando relumbrar se miran  
entre os toxales espesos,  
cal encendidas candeas  
ollos de lobo famento;  
e os ramallaxes dos montes  
entre sí murmuxan quedos,  
e as follas secas que espallan  
os aires da noite inquietos,  
en remuíños se xuntan  
con longo estremecemento,  
indo camiño da igrexa,  
soia cos meus pensamentos,  
cabو da fonte da Virxe,  
pretiño do cimeterio,  
dempóis de sentir un sopro  
que me deixou sin alento,  
*eu ben vin estar o moucho  
enriba daquel penedo.*

Poema escollido  
por Antón Blanco  
para o diálogo.

Poema 16.  
*Cantares gallegos*, 1863

II

Arrepuiñadas todas  
as carnes se me puñeron,  
e os cabelos no curuto  
fórонse erguendo direitos;  
gotas de sudor corrían  
a fío polo meu peito,  
e trembaba como tremban  
as augas cando fai vento,  
na pía da fonte nova,  
que sempre está revertendo.  
Aquel moucho alí ficando,  
cal si fose o mesmo demo,  
fito a fito me miraba  
cos seus ollos rapiñeiros,  
que coidéi que me roubaban  
non más que de lonxe velos.  
De lume me paresían  
e que me queimaron penso;  
penso que eran tizós roxos  
da fogueira dos infernos,  
que polas niñas me entraron  
hastra o corazón dereitos.  
En el remorsos había  
de amoriños pecadentos...  
¡Ai, que ten deses amores,  
non pode achar bon sosiego!

Chovía si Dios ten augua,  
ventaba en todo-los ventos,  
e ensarrapicada toda  
a camiñar non me atrevo;  
que o moucho, fita que fita,  
me aspera naquel penedo;  
mais acordéime da Virxe  
que sempre conmigo levo;  
résolle un Ave-María,  
e cobrando novo alento,  
como os páxaros do mare,  
nadando paso o regueiro,  
corro a enriba do valado,  
brinco en baixo do portelo,  
e dende alí berro estonces  
con cantas forzas eu teño:  
*¡Non che teño medo, moucho;*  
*moucho, non che teño medo!*

**ENCONTRO CO MOUCHO CANDA A LAURA  
CALVO E JACQUES DERRIDA, LOGO DE ROSALÍA**

*The owls are not what they seem*

Eu ver non vin unha  
estrada de xabre no leito  
dun río  
nin tal noite, pero  
coma vós, no coche, anos  
despois, no mesmo leito si vin,  
vístesme, a ruta  
acoutada polas luces longas,  
o moucho no *sterrato* cazando un escáncer.

30

O paxaro voaba do leste e viraba o pescozo cara á  
nave, mostrando o seu perfil.  
Na detención fráxil puidestes pasar  
trescentos anos ou más.

Eu, coma vós, lin o poema e paseino  
polo corazón, coma unha ínsua afiada na braña:

I

Fumos conscientes da brevidade secular,  
da retirada.

O rezó,  
a porta do coche abrindo  
e a certa desbandada do moucho.

O escáncer ferido de morte coma ruína.

II

Do corazón polo que pasamos a imaxe:

Un querería gardar o moucho  
nun ventre de sangue,  
no privilexio da memoria máis alá do que se  
pode contar,  
máis alá da cifra.

Do moucho lémbrase unha forza prehistórica.  
O seu encontro parte o tempo coma un tifón,  
en espiral,  
concéntrico,  
detido sobre a prea.  
A visión dura o tempo que tardamos en saber,  
o motor en ralentí.

31

A Rosalía unha  
voz anónima escríbelle un poema.  
Ela escríbevos a vós e vós a min.  
*Adresse*, sentido en frecha.  
Atopo o poema nos  
*aiguamolls* canda ao aeroporto.  
O mesmo, despedido da letra  
e da man que borra e escribe, é dun  
silencio moito anterior á decisión de calardes.

Rosalía, Derrida e Laura Calvo atopan un moucho,  
que non é o mesmo moucho, pero tamén,  
e déixanme o corazón. Déixanme  
o seu corpo indiscernible da letra,  
da escritura que antecede o pensamento.

(*Unha imaxe non representa, performa*).

O animal non reclama letra ningunha e pode voar:  
“Non saímos  
do camiño, non escindas a dirección  
do encontro, consérvame aquí”.

32

Non o chamastes así, poema.  
Non lle destes nome e eu recibo tal carta de xeito simultáneo,  
colándose na fenda desa cancelación.

Eu non vin, pero teño medo do moucho,  
das ás e a ruína do escáncer no carreiro.  
Un pavor insoportable pola primeira marcha,  
por abrir a porta.

SEIS POEMAS DE *VOZ DO ARQUEIRO* (2020),  
CHAN DA PÓLVORA

ELA, O ARQUEIRO, ERA UN RÍO  
un corpo ela  
era excrecencia talvez  
o Ulla  
talvez  
baixando as montañas.

Ela era un nome,  
chamada e non dita.  
E así ensaio: rosa,  
conca do río,  
gramática do río.

33

En dous tempos a voz desúñese  
do que pensa.  
Como precipitando o mineral  
do disolvente. Como o rosa a abandonar  
o granito;  
ela desatópase no seu falar de auga,  
chamando por este cavorco.

E nese tempo chora de necesidade:

Neste humor salino  
-  
coma metais  
-  
lígase a frecha á illa  
-  
a lacrimal vai á praia do corazón.

MURMURA. Niso vai  
o pé do seteiro,  
xerminándolle os pasos no  
campo que cruza.

Murmura (que non di,  
por insuficiencia).  
A caverna da boca,  
nin grito,  
nin auga, *mot*  
*muttum*,  
que di, ela, o seteiro,  
pola inmensidade do que se lle avén.

Murmura  
do morrer  
sen intervención da morte.

SOBRE O ROSTRO PÓUSANSELLE FALOPAS DE SOMBRA,  
ou letras  
ou átomos de voz.  
Como así fóra do idioma está  
este seu corpo denso,  
con boca e abismos que nela se torcen.

35

Chamádelle arqueiro,  
porque lanza a súa frecha,  
mortal.

LIED

A vista comeza coa criatura asomada  
á orixe,  
ao pé do mar,  
quizais coas costas crebadas polo tempo  
e unha canción na boca que modula xélida.

36 Canta xeos; pide quen o mirar  
no puro interior dos ollos  
e lle soldar co seu sangue as vértebras.

Canta icebergs e ten  
a ollada fixa nos cascallos  
de Halicarnaso atlántica,  
no canto xémeo da fremosa que non chega.


Por ante un espesor tal,  
a gorxa fica selada.

PEDRA MASTÍGALLE OS ÓSOS  
á velocidade da historia.  
Traga o espesor das súas augas.

37

No dolmen, sen ventás,  
depósitos de luz.





## **Alba Cid**

Ourense, 1989. É poeta e investigadora. *Atlas* (Galaxia, 2019), o seu primeiro poemario, foi galardoado co Premio Nacional de Poesía Nova Miguel Hernández 2020 que concede o Ministerio de Cultura.

Os seus poemas tradúcironse ao castelán, grego, inglés e portugués, e foron incluídos en antoloxías, revistas e webs coma *Asymptote*, *Enfermaria 6*, *Kenyon Review*, *Oculta Lit*, *Poem-a-Day* ou *The Offing*. Forma parte do consello editorial de *Dorna*, colabora na Radio Galega, fotografa e ilustra ocasionalmente. Encargouse durante dous cursos do John Rutherford Centre for Galician Studies da Universidade de Oxford.

[instagram.com/ollobasilisco/](https://www.instagram.com/ollobasilisco/)

Diredes d'estos versos, y é verdade,  
Que tén estrana insólita armonía,  
Que n'elas as ideas brilan pálidas

Cal errantes muxicas  
Qu'estalan por instantes  
Que desparecen xiña,  
Que s'asomellan á parruma incerta  
Que voltxea n'o fondo d'as curtiñas,  
Y ó susurro monótono d'os pinos  
D'a veira-mar bravía.

40

Eu direivos tan sô, qu'os meus cantares  
Asi sân en confuso d'alma miña,  
Como sai d'as profundas carballeiras  
Ô comezar d'o dia,  
Romor que non se sabe  
S'é rebuldar d'as brisas,  
Si son beixos d'as frores,  
S'agrestes, misteiroosas armonías  
Que n'este mundo triste  
O camiño d'o ceu buscan perdidas.

Poema escollido  
por Alba Cid  
para o diálogo.

Vaguedás, poema IV.  
*Follas Novas*, 1880

*Diredes d'estos versos, y é verdade,  
que co mel comparten unha insólita harmonía,  
que neles as ideas, coma touros alados, persisten e atoutiñan.*

Que en exame escrituran os camiños do pole,  
que buscando un panal, atravesan o ceo  
cal errantes muxicas.

(Que levo a palabra “parruma” da feluxe  
ás campías, e así vou prendendo as ideas  
nunha néboa baixa, nunha algarabía sufí,  
para que xiren en espiral eterna no linde das cortiñas.)

*Eu direivos tan só, qu'os meus cantares* 41  
estiñan e rebordan a fonte das fontes, que coma  
apicultores do Nepal dependurran, cantil abaixo,  
corpo e varas, arriscan; e ao cabo non se sabe  
se mutan en bosque pendurando dun bosque,  
se é encontro amoroso ou tirada de dados.  
Vedes?

Agrestes, as ideas abandonan as meirandes colmeas do planeta.  
Velaquí canto pode convocar un libro:  
os camiños do pole, subterráneas correntes,  
alaridos.

## INSTRUCCIÓN PARA ARROLAR O CANÓN DO SIL

1

(unha persoa colle a criatura polos brazos e outra polos pés  
e balancéase cara aos lados mentres se recita)

antes de discorrer o río, crebáronse as placas.

a miles de quilómetros, doutras quebras naceron  
as montañas amarelas de Li Po e os bosques pétreos de Siberia.

logo apareceu a auga,  
buscando, coma as raíces, as fracturas.

42

2

(recítase facendo énfase nos movementos descritos. subindo  
e baixando cos dedos polos brazos ou pola barriga do pequeno)

a néboa dos vales fluviais é diferente. crin que o sabías.  
a néboa, nos vales fluviais, suspende os outonos e a resposta das campás.  
peta a feito á porta das casas,  
e baixo o seu influxo, os homes-teixo descenden ás marxes do río  
e constrúen escaleiras de Xacob para cultivar as vides.

se a flor da tarde cae aberta  
as fillas dos homes entran no río. fan o morto nas beiras,  
xogan a contar socalcos coa mirada ata que se trabucan; rin forte.

mira como brilla a lúa onda os pés delas,  
tinguíndose mención  
mentres crecen.

3

(tócanse os dedos do bebé e vanse escondendo conforme enumeramos cousas.  
así ata escondeles todos)

o río non arrastra nada que non sexa ouro,  
auga bautismal e amigos. o río arrastra os reflexos de toda unha lexión romana  
consagrada á trepanación dun monte. o río arrastra os extremos dos cigarros do  
[meu avó  
consagrado á trepanación dun monte. tardei anos en decatarme do paralelismo:  
o pai de papá construía túneles  
mentres lle nacía outro fillo.

non era abril,  
enxendrando lilas da terra morta.

43

4

(ao rematar o recitado, tras repetilo varias veces,  
faise coma quen lanza o neno ó aire)

igual que se desvía o leito do río  
para buscar ouro no leito primixenio

desvíanse os dedos que descobren a ferida  
para curala. e  
arrolín, arrolán.  
arrolín,  
arrolán.

## HISTORIA APÓCRIFA DO DESCUBRIMENTO DAS MIGRACIÓN OS OU O SACRIFICIO DAS PFEILSTÖRCHEN

eu, que levo garzas simetricamente opostas sobre o peito,  
xurei ante os cinco emperadores que o equilibrio non existía,  
que se as garzas sostiñan os ríos  
de toda a porcelana chinesa era  
tan só  
por un mecanismo de bloqueo na articulación.

premiáronme por arriscar todo na defensa.  
uns anos despois escribinche. dicía:

44

*Rostock, seis de xullo,*  
*que atroz interromperte; verás,*  
*necesito que entendas a utilidade de certo tipo de feridas.*  
*estou rematando un ensaio*  
*sobre as explicacións pre-modernas da migración das aves,*  
*e as especies tratadas, desde Aristóteles, como viaxeiras á lúa*  
*ou mariñeiras que raramente volven.*

*estudei incluso un panfleto de 1703*  
*que defende a comuñón das andoriñas,*  
*a súa reunión en pantanos*  
*e a coreografía que respectan para pousarse nos xuncos*  
*até afundilos.*  
*invernan baixo as augas, na calma hipnótica dos lameiros,*  
*e por isoemerxen tan klein mollado en primavera.*

*pero en 1822 (adxuntei coidadosamente a fotografía),  
unha frecha atravesa o pescozo dunha cegoña en África central  
e a ave emprende o voo cargado coa arma e coa ferida.  
cando chega a Alemaña, alguén identifica a orixe do proxectil  
e confirma, así, unha hipótese científica.*

pouco máis lembro da carta, salvo:  
*a partes iguais se distribúe a dor e a luz,  
e ao final, a lixeireza existe porque existiu o exceso.  
sendo o tempo das migracións (concluía)  
permíteme evitar a fórmula de despedida,*

*Atlántico por medio,  
ondean coas correntes todas as anemones.*

UNHA COLUMNA ASMAT

*Para Fran*

*Forms, flames, and the flakes of flames*  
Wallace Stevens, "Nomad Exquisite"

1

intuír o bosque na dispersión das sementes.

2

*ante a memoria que superpón os acontecimentos,  
propoño erixir unha columna de palabras.  
pero para que serve unha columna?*, preguntaron;  
para recibir as cargas das extremidades e a bóveda celeste  
para protexer o trenzado dos nervios, espiña abaixo  
ou relatar en espiral infinita as campañas de guerra de Traxano

46

unha columna serve, entre os asmat, para conmemorar  
[o que marcha.

3

Papúa Occidental, Costa Sur:

os asmat chámense a si mesmos *nós, a xente das árbores*,  
habitán un ecosistema de transición entre o terrestre e o mariño,  
son excepcionais no traballo da madeira  
e desde que o fillo dun gobernador neoirquino desapareceu  
entre eles, teñen unha fama nefasta como cazadores de cabezas.

4

apenas madeira e pigmentos  
cada columna bis é tallada dunha única peza de mangleiro  
e elévase seis, sete metros.

no interior da madeira  
o escultor pode ver a memoria das mareas,  
cristais de sal que coagulan até formar rostros.

47

a noite —músculo e pelaxe— sobre eles,  
arrincan a cortiza,  
e o material vólvese, coma o pescozo das anduriñas, vermello.

5

aquí, erixir unha homenaxe quere dicir inverter unha árbore  
de modo que unha das súas raíces se converte en ave do paraíso,  
[filigrana, parapente,  
o perfil evasé dunha cala,  
dada a volta, a raíz exhibe o mundo ecoante dos que foron  
e canto estivo embaixo, pode agora  
soster unha onza de ceo.

na base do mastro escúlpese unha canoa  
unha embarcación lixeira cuxo estremo se introduce na terra.

cando a ceremonia remata, a columna é transportada aos campos  
[de palmeira sagú,  
—que equivale a dicir aos campos de trigo ou cebada—  
e alí se descompón, para que o poder dos representados  
infusione  
calmamente  
no futuro alimento.

48

París, maio de 2017

—na memoria, o París de maio de 2015,  
as imaxes de pozos xeométricos ao deixar atrás Vagator e Anjuna,  
as tardes na Provenza ou nos lameiros de Whitman,  
o beliscar a pel das mans na India,

a certeza de que tamén os peixes, por algúñ motivo,  
*fan xiros na auga para reflectir en lampos a luz do outro mundo*—

ENSAIOS OU AS FLORES DE OKRA ABRIRON E PECHARON  
DURANTE A ECLIPSE



(...)

49

14. En 1929, Walter Benjamin describe o traballo de Karl Blossfeldt como “unha enteira, insospeitada horda de analogías e formas na existencia das plantas”. *Vid. “News about Flowers”*, do ano citado.

15. “Horda”, escribe (que é escribir fragor, tumulto de batalla), sen saber que ascende a 6000 o conxunto de fotografías de plantas tomadas entre 1890 e a súa morte, en 1932.

16. Era botánica a inspiración das columnas dóricas? Das coroas romanas? Dos coros góticos?


17. Cando dis inspiración, que queres dicir realmente?

18. Latexa, nas palabras de Karl, unha certa ansia de restitución, a revelación constante de afinidades electivas entre as formas artísticas e as naturais, algo case etimolóxico,

19. suave como a palabra “bálsamo”, que cruza o río Xordán, nos vales de Siria, e unxe os labios e os corpos.

(...)





## Genaro da Silva Méndez

Mourente, 1980. Entomólogo e poeta, doutor en biodiversidade e ecosistemas, traballa en proxectos de ecoloxía e conservación.

Publicou os libros *Mudanzas* (2008. Premio de poesía da Universidade de Zaragoza 2006), *Lahdnets* (2018), *Flor Negra* (2018) e en 2021 sae do prelo *O pintor cego*. Textos seus foron incluídos en diversas publicacións, como varios libros colectivos co gallo de ser galardoado nos premios de poesía da Universidade de Vigo (2014, 2016 e 2017), ou *Mixtapes 2* (2019), así como colaboracións en revistas como Dorna, Xistral ou o dossier Volt - *O corpo como Arquivo* (2020).

En 2015 editouse o libro-catálogo *Esguello*, con poemas seus e cadros de Carolina Munáiz. Ten colaborado con outros artistas, como a obra colectiva *Artefactos* (2005), o proxecto poético-sonoro *Conversacións con oOgro* (2006), ou a peza Imst, co compositor Juan Lois, estreada en 2008.

É editor e tradutor na revista [tr3sreinos.com](http://tr3sreinos.com).



(**follas\_novas\_XIII**)

Xoga nos piñeiro o esquío,  
saltarica de ponla en ponla.  
Remexe entra carolas e a frouma,  
retorna para a súa toca.  
Que é un esquío? pregúntoche a ti agora de novo.  
Ólloo feliz, silandeiro, se el para min olla.

Pero esa ledicia repousa nos ollos de quen espreita,  
pero hai un medo non albiscado que só agora se apresta:  
negrura sede no animal que se arreda.

53

E así os teus versos escuros,  
lonxe temor de mudanzas,  
que dende ese fondo cego  
para nós se levantan.

E nese tránsito transido de espanto,  
neste transo tisnado de sombras,  
afundan tremores nun canto  
que no esquío soñándome afoga.

## SOMBRA

A silueta encerra a sombra para  
definir a sombra engaiolada para  
atribuír a esa sombra a forma da silueta  
que nós propios pintamos:  
tentativa de satisfacer a necesidade de semellanza:  
acometer ao outro dentro do espello  
procurar o posíbel esquecendo o real

\*\*\*

Camiño cara ti para encontrarme  
invéntote á miña espera desmemoriada  
e mar

54

camiño cara min escavando o oco  
o meu reflexo na burbulla na inminencia do tacto

\*\*\*

Inventamos o outro  
para sobrevivirmonos

así a túa traizón escribíase xa en pés  
que camiñan leito seco  
e papeis queimados

## Coxia

Pregúntasme por que unha flor negra:

dicías agardarme

"tras da porta chea de flores, de *Linaria* e *Aquilegia* e *Consolida*  
[e *Leucojum* e *Delphinium*]"

Pero era falsa esa gorida de esqueletos redivivos,  
dos meus medos en barricadas  
e de flores negras

\*\*\*

Pregúntasme porque os lobos e as quenllas:

hai un soño recorrente sobre isto:

estou no fondo do mar

hai unha masa deforme, unha materia estraña non moi lonxe.

Trato de mergullarme até ela porque dalgún xeito sei que ese é  
[o meu corpo.

55

E alí están a bloquearme o paso as quenllas.

As veces é outra cousa esa materia:

a miña irmá, ou todos os animais que asasinei:

Das quenllas recoñezo entón o propio ollar, os remordementos  
[de min contra o meu corpo,

o desprezo do meu corpo:

o abismo entre o eu e o corpo o abismo

do corpo

dende dentro

## DESEXO

As quenllas existen porque existe  
o desexo dos cisnes fosilizados na pedra  
o desexo de abismo na túa carne imposíbel  
a beleza asimétrica que os teus beizos negan.

\*\*\*

56 As flores que medran no substrato-desexo:  
O medo das quenllas que devoran os corpos  
os lobos que o tacto baleiro incendian.

\*\*\*

Pregúntasme pola forma que do meu desexo:  
Asoballado polas quenllas na túa pel  
que rexeita a miña carne que se escapule cisnes esnaquizando:  
os meus lindísimos cadáveres de cuarzo.

Poemas de *O pintor cego*

SOFISMA 1

Unha enferruxada bisagra soterrada baixo un monte de entullo  
non é certa:  
cando o obxecto perde a súa función aspira á beleza.  
Contra un mar de mastros carbonizados respiras  
para que o aire te atravesese,  
mais non é certo.  
A bágoa que amara sobre a cinza non invoca tampouco  
pois o paxaro tampouco é certo.

### SOFISMA 3

Non hai neutralidade nas sereas cando soñan con dragóns,  
nin no acorde último que anuncia a obertura.  
O oco difire do espazo na súa escala,  
e a lingua é pequena,  
ansíase canto,  
e é derrota.

58

### SOFISMA 5

Cando xa foron roubados todos os espellos  
cando xa foron queimados todos os teatros  
somos bestas famentas nun circo cuxas gaiolas non teñen portas  
nin barrotes.

r

O deserto era un aire inmenso sen aroma.  
A infancia cheira a humidade  
e ao tempo fresco dos grilos.

O anxo non quere pintar o deserto senón a espera;  
non quere pintar o pozo senón o frío.

Por iso regueiros de area nos rochedos;  
por iso azas de libélula no lago.

Cando neno o pintor cego  
alguén cinguiu a súa man  
e describiu efixies no aire:  
Isto é o nimbo, o arco da vella.  
Estes son os cúmulos e cirros.

Soterra pedras entón o anxo na praia  
e amosa baleiras  
as mans.

É nesta dor  
na que se afana.

EXCUSATIO NON PETITA

(Alguén pensa naquilo da contemplación e da beleza/Alguén escribe poemas/  
Alguén trata de comunicar/Alguén non sabe que/algún/nestes poemas

Pensa nas ferramentas:/escribe:/todos os meteoros nunha casa sen teito/  
Escribe:/unha casa sen teito é áinda unha casa?

Alguén soña unha linguaxe parapeto e atalaia/Alguén soña unha linguaxe  
cafurna e azagaia/práa/nunha illa inhabitada

Colle os apeiros/a garlopa/colle as trenchas/De quen son estas mans que  
practican a moenda?

60  
Alguén nada un mar nada un mar nada/Alguén/Alguén un mar/Alguén un  
nada:/Como comunicar esta selva calcinada?


Senta no peirao onde arden os barcos/Senta nos cumios dos montes pelados/  
Senta no horizonte frío onde morren os buracos

Alguén fabrica tótems de escuma que ofrece aos porfillados/Alguén planta  
flores de plástico en canteiras abandonadas/Alguén nunha lingua inventada,  
musita regueifas aos golfiños varados

Acariña os elefantes que acariñan caveiras/Acariña nichos anfibios e de area/  
Acariña nichos pálidos/Acariña nais nos seus ollos de tebra

Alguén que chora perante os afogados/Perante unha civilización desfeita/  
Perante a fe dos anciáns/e o ganido da foresta

E que escorrega para o centro do seu espazo inextenso)



## **José Rui Teixeira**

Nasceu no Porto, em 1974. Depois de estudos teológicos e filosóficos, doutorou-se em Literatura na Faculdade de Letras da Universidade do Porto.

Dirige a Cátedra Poesia e Transcendência [Sophia de Mello Breyner Andresen] na Universidade Católica Portuguesa. É diretor pedagógico do Colégio Luso-Francês, no Porto. Integra vários centros de investigação e é professor convidados de universidades europeias e sul-americanas. A sua poesia – escrita entre 2003 e 2018 – foi recentemente reunida em *Autópsia* [Porto Editora, 2019].

Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombras,  
ó pe dos meus cabezales  
tornas facéndome mofa.  
Cando maxino que es ida  
no mesmo sol te me amostras,  
i eres a estrela que brila  
i eres o vento que zoa.  
Si cantan, es ti que cantas;  
si choran, es ti que choras;  
i es o marmurio do río  
i es a noite i es a aurora.  
En todo estás e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras,  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras.

Poema escollido  
por José Rui Teixeira  
para o diálogo.

"Do íntimo!" de  
*Follas Novas*, 1880

Teu é o tempo sinuoso e triste,  
tundra que silencia a tarde.  
Teu é o tempo que pesa no céu  
a luz caída. A chuva, o tempo  
côncavo que inclina  
a vindima  
e traz o outono cansado  
ao meu corpo. Teu é o hiato.  
Tua a estepe, a gruta, o grito  
elétrico. O rastro, o sistro, o resto  
da sombra,  
do medo. Teu é o rosto, o risco  
assimétrico. O bosque  
e o norte. A osmose e o tempo  
que foge, o fumo.  
Teu é o meu nome  
soletrado pela morte.

1.

Por esses dias era ainda um sono madrepérola,  
uma luz rasante  
e no declive da luz,  
o declive de outra luz.

Era ainda a mesa posta, a cama  
feita, a louça de festa, a manhã  
sem vincos.

64

Depois foi o tempo tarde  
para ser antes  
e nunca mais tive um azul que dissesse  
pensadamente matinal  
o mundo.  
Um azul que assim pensasse a manhã  
e amanhecesse desmesurado e sólido.

Dei-lhe a intimidade que tinha  
espalhadamente desperdiçada  
entre os meus brinquedos.  
Terminou assim a infância.

2.

Perdemos aqui um lugar para o silêncio.  
Veio a morte e havia ainda palavras  
e o dizer obscuro dos augúrios, escorços,  
pequenas infâmias.  
Olhaste-me com palavras.  
E eu pensei que a mecânica do absurdo  
cairia como o alfabeto morto  
de uma natureza morta:  
a tua morte, a minha morte.  
Só as palavras sobrevivem  
quando perdemos um lugar  
para o silêncio.

3.

O que dirá de mim o meu deus,  
pergunto, se eu guardar do pobre  
apenas a melancolia.

O que dirá de mim se eu pendurar a lira  
no bengaleiro em flor deste declínio.

66

Do corpo queres apenas a sua impossibilidade,  
disse-me a serpente. Asseverou: deus tem  
uma máscara para a nudez do teu rosto.

O que dirá de mim o meu deus, pergunto,  
se eu tiver a espessura da fome,  
a inclinação antecipada para a queda.

4.

Há dias em que escurece  
como se antes  
nunca assim  
tivesse escurecido.

Não houve mortes nesta praia fluvial  
e o verão está a acabar.

Agora é tarde, disseste.

E escavaste dentro do escuro  
um escuro mais fundo.

Não houve mortes, repeti.

Os dias sem mortes são inúteis  
para quem devolveu  
lágrimas ao ânimo e concisão  
ao lamento. Agora é tarde.

5.

O inverno, visto de cima,  
é como a saudade da infância  
quando bate contra a superfície húmida  
do espelho. Há tanta morte  
aí refletida que não sabes  
se é a nudez que lhe exaspera o silêncio  
ou se é a fome que lhe configura o sentido  
último, certas qualidades sensíveis.

68

Visto de cima, o inverno  
é um organismo matinal,  
como o frio de certas cores  
ou a escassez ocasional  
de palavras sólidas.

A superfície irregular do mundo, vista de cima,  
nem sempre é como o inverno.  
Evito tocar-lhe para não estar sempre a ver  
a morte.

6.

Quero habitar o mundo  
como uma palavra tua.  
Ser como o céu entrecortado  
nas frestas dos dias.

Sei que a luz entra pelo lado  
da tua presença.

Atravesso o rio  
com a água pelas palavras.  
Alteio o silêncio  
até escutar o seu eco.

7.

Perdemos o barco  
nessa tarde.

Setembro ardia  
ainda e o outono  
tardava.


Estávamos muito longe de casa  
e não sabíamos.

70

Os cães desciam,  
negros, ao que restava  
de um açude.

O desgosto  
é o declive amarelo  
no espelho de água.  
Mas tu não vês.

E o outono entardece  
no rumor inaudível  
de um barco adiado.



## Berta Piñán Suárez

É recoñecida como unha das voces fundamentais da literatura moderna asturiana.

En 1985 gañou o premio da Academia de la Llingua Asturiana coa obra *Al abellu les besties*. Entre a súa obra poética salienta tamén *Vida privada* coa que gañou o premio de maior prestixio de poesía en Asturias, o Premio Teodoro Cuesta (1991). Seguíronlle a publicación de *Temporada de pesca* (1998), *Un mes* (2003) e *Noches de incendio* (1985-2002) (2005). En 2010 publicou *La mancadura / El daño*.

Traduciu ó asturiano obras de J. Christopher e Giuseppe Ungaretti e ten varios ensaios como *Notes de sociollingüística asturiana* (1991) ou Alfaya (1989).

Comprometida co feminismo, publicou en 2003 *Tres siglos construyendo la igualdá. ¿Qué ye'l feminisu?* De 2005 a 2011 foi membro do Premio Príncipe de Asturias das Letras.

O 9 de maio de 2008 tomou posesión como membro de número da Academia de la Llingua Asturiana.

Dende o día 21 de xullo de 2019, é conselleira de Cultura, Política Lingüística e Turismo do Principado de Asturias.

Yo no sé lo que busco eternamente  
en la tierra, en el aire y en el cielo;  
yo no sé lo que busco, pero es algo  
que perdí no sé cuándo y que no encuentro,  
aun cuando sueñe que invisible habita  
en todo cuanto toco y cuanto veo.

72

Felicidad, no he volver a hallarte  
en la tierra, en el aire ni en el cielo,  
jaun cuando sé que existes  
y no eres vano sueño!

Poema escollido  
por Berta Piñán  
para o diálogo.

De *En las orillas del Sar*, 1884

RUMOR

Yera un rumor al principiu  
la muerte,  
la tormenta que pasa  
de llargu, truena  
y nun para,  
la pregunta suspendida,  
un rumor al principiu,  
aquei bater d'esnales  
metanes la nueche.

## CUMPLEAÑOS

Na parte d'atrás del coche  
llevo a les mios dos  
fíes  
colos cascos de la música  
puestos  
colos sos días y les sos  
nueches inda  
ensin cumplir

74

tovía nun pasó aquello  
que  
un quilómetru más pa en delantre  
será '1  
presente  
nin tábemos esta tarde equí  
nin los malvises  
taben  
cuando atravesábemos  
un ratu depués  
l'alambrrera

II

la güela dicía que tamos equí  
de prestao,  
toles güeles lo dicen,  
que vamos mui apriesa a nengún  
llau,  
dígo-yos yo,  
pero elles siguen cola so música  
n' otra parte

75

La memoria ye un topu  
ciegu  
y precavíu

### III

sentada na terraza  
del restaurante  
como una enferma abandonada  
a la so suerte  
lleo  
doscientosdosmuertosnafranxadegaza  
y les secuencies d'esti día  
nel que cumplio años  
afláquense  
delantre de mí  
como solombres  
nel desiertu

76

tovía nada que llamentar,  
digo,  
nada  
que yá tenga sucedío,  
nada irremediable,  
les mios fíes  
a salvu  
de los escorpiones

IV

la escritura ye una ruta paralela  
como esa carretera que sal a la  
izquierda y  
atraviesa  
el monte,  
la escritura sutura los  
güesos  
rotos,  
díes como esti,  
feríes como esta

77

V

mio padre pasó los ochenta  
con una gran mata de pelo negro  
y depués too empeoró  
hasta 'l final

mio madre mudó de casa  
y dexó de facer comida  
pa que llevemos los domingos  
que ya nun  
me presta caciolar tanto  
na cocina  
díxonos  
daquella

## VI

yo nunca sentí  
la música como ellos,  
asina,  
poníemos el discu  
y cantábemos  
o baillábemos,  
nunca esta manera suya de tar  
fuera

un día estrañu pa cumplir años  
un viaxe estrañu

78

## VII

en dellos momentos  
toes contamos díes,  
la mio hermana cuenta  
díes,  
diz que ye mejor viaxar  
na seronda,  
l'iviernu ye más pa romper una pierna,  
diz ella.

## GOCHOS

Rucaben semilles, los brotos del ablanu, raíces, l'arna de les castañares. Hermanos a nós, prisioneros del vuelu ciegu de la historia, fozaben na tierra furiosos, insaciables, comién llombrices, insectos, ratos, topinos muertos, basura, la mierda esparció nes cunetes, los sos propios excrementos. Más tarde, aquella carne suyo afumiaba nel

79

nesa

zona

escura.


## MUSÉU D'HISTORIA NATURAL, NYC

Venimos del gotéu  
de la historia,  
grieta  
fisura  
el güesu de mamut,  
un tapín llevantáu  
hai millones d' años  
al pasu  
de los dinosaurios,  
pliques tectóniques, vísceres,  
síguenos un fósil  
en cada célula,  
una llanada onde l' aire mueve la pación,  
inmensidades,  
la manada de bisontes, esta cabra  
solitaria,  
una siñal de fumo detenida  
nel azul de la tarde,  
el olor del ganao,  
la presa devorada.

Venimos d' especies extinguïdes  
los sos esqueletos  
pela nuestra sangre,  
paisaxes entevistos  
n' alboreciendo,  
seres que nun algamaren  
un nome  
enantes de desapaicer.

Venimos del argayu  
de la historia,  
del error,  
del cereal,  
de la permanencia venimos.  
De la permanencia.





## Tere Irastortza Garmendia

Zaldibia, 1961. Licencióuse en Filoloxía Hispánica e de 1983 a 1996 traballou na UNED-Bergara. Do 2002 ao 2006 foi presidenta da Asociación de Escritores Bascos EIE. Publicáronse artigos e poemas de Irastortza en varias revistas vascas. En total, Irastortza publicou 14 coleccións de poesía. O seu primeiro foi *Gabeziak* (Haranburu, 1980), e o máis recente é *Munduabetetzenzenuten* (Pamiela, 2015). Tamén publicou tres volumes de ensaios, numerosos artigos, traducións e antoloxías. Gañou dúas veces o Premio da Crítica en éuscaro de Poesía.

Outras publicacións:

- *Glosak. Esana zetorrenaz* (2003, Pamiela).
- *Eta orain badakit* (2011, Pamiela)

Premios (selección):

2004:

Premio da Crítica en éuscaro de Poesía

1980:

Premio da Crítica en éuscaro de Poesía

## AMA BAT DARDARAZ, ROSALIAREN ETXERANTZ.

### BARRURANTZ: INSTRUKZIOAK

En todo está e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras;  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que siempre me asombra

Negra sombra. Rosalía de Castro

Hartzazu maskorra eta erabil ezazu eskuan;  
begiak itxita, aurrena,  
betazelpetik itsasoari so;  
kanpoaldetik da lakatz-zakarra  
inork har ez dezan erasoan,  
barrituk da leun, ertz gabea,  
barneratzen dena gozo senti dadin.

Poema creado  
por Tere Irastortza  
para o diálogo

Hartzazu maskorra, ferekatuz;  
ondo daki berak ere zer den  
barruan zetorrena galdu izana  
eta huts geratzearekin  
apurtzea importa ez izatea.

Erabil ezazu maskorra, bi esku artean,  
gorputzetik gertu;  
ferekatzen duzulakoan ahaztuko duzu  
berak laztantzen zaituela  
zeure hustu-aldian,  
gogorra behar duela maskorra  
itsas-maskuluak.

## UNHA NAI QUE TREME: Á CASA DE ROSALÍA

### AO INTERIOR: INSTRUÇÓNS

En todo está e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras;  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombras

Negra sombra. Rosalía de Castro

Colle a cuncha e terma dela nas mans;  
pecha os ollos durante os primeiros intres,  
mirando o mar por baixo das pálpebras;  
por fóra ten unha feitura áspera  
para defenderse dos ataques;  
por dentro é suave, sen arestas,  
para que así o sinta aquel que entre.

85

Colle a cuncha, aloumíñaa,  
xa sabe ben o que é perder  
todo aquilo que teña dentro  
e que, unha vez baleira,  
non importe a quebra.

Terma desa cuncha entre as dúas mans  
preto do corpo;  
cando lle fagas caricias esquecerás  
que é ela quen acariña  
o teu baleiro,  
e que precisa dunha cuncha recia  
a buguina.

As traducións dos poemas  
de Teresa Irastattza son  
obra de Isaac Xubín

## BIDEKOAZ

Bideez ez nezake besterik esan: *ibiltzeak nekatzen gaituela, baina ibiltzeak bakarrik eraman gaitzakeela noranahi.*

Eta gainera, beste gauza bat: *arrotz sentitzen garela bide evezagunetan.*

Horregatik glosok:

*Zuhaitz oker baten altzoan  
harri borobila,  
eta harkaitz goroldiotsuaren abaroan  
adaxka okerra.*

86

Bidean arrastoak uztea,  
itzulera ez gorrotatzearren heinekoa da.  
Lehengo artzain eta garraiaketa bideak  
ez garamatzate jada inora,  
ez bada gauzen senera, hitzez-hitz,  
ez bada geure baitara.

*Zuhaitz oker baten altzoan  
harri borobila,  
eta harkaitz goroldiotsuaren abaroan  
adaxka okerra.*

Eta azkenean:

*Errainua aurretik dela doanari bidean doala iruditzen zaio.  
Atzetik jarraika denean, bideak daramala.*

## DO CAMIÑO

Sobre os camiños só podo dicir isto: camiñar cansa,  
pero só camiñar pode conducirnos a outro lugar.

E ademais outra cousa: que nos sentimos estranxeiras  
nos camiños descoñecidos.

E por iso estas glosas:

no colo dunha árbore inclinada,  
unha pedra redonda,  
e ao acocho da pedra con carriza,  
unha galla retorta.

Deixar rastros no camiño é como non odiar o regreso.

Os antigos camiños de pastores e portadores  
non nos conducen xa a ningures se non é  
ao principio das cousas, palabra a palabra,  
se non é a nós mesmos.

*No colo dunha árbore inclinada,  
unha pedra redonda,  
e ao acocho da pedra con carriza,  
unha galla retorta.*

87

E finalmente:

*a quen camiña tras a súa sombra parécelle preceder ao camiño.  
Cando a sombra o persegue, que o camiño o conduce.*

## ETA ORAIN BADAKIT zoriontasunaz bakarrik idazten dugula

88

harrez gerokoan  
eta badakit 2+2 zer den  
eta badakit ezberdina dela ile motzaz ala ile luzeaz  
iturri azpian jarri eta ilea garbitza  
ilea busti hutsarekin,  
ala sakatsak askatuz garbitza,  
eta ile apaindegian zintzurra okertzeko beldurrez  
ala buruz behera garbitza burua,  
eta negar ezkutuan egitea  
ala jaioberriaren inozentziarekin negar egitea.

Eta orain,  
2+2 nolabaiteko jakintza dela dakidan arren,  
hala ere, orain badakit, ondo dakit, bion artean,  
edozein gauza idazten dugula idazten dugula  
zoriontasuna dakigulako idazten dugula  
eta idazten dugula zoriontasuna.

E AGORA XA O SEI escribimos sobre a felicidade

unha vez que sabemos dela,  
e sei o que suman  $2+2$ ,  
e sei o diferente que é lavar o cabelo debaixo da billa  
co pelo longo e co pelo curto,  
ou co pelo mollado,  
ou desfacendo os nós mentres o aclaras,  
ou na perruquería con medo a torcer o pescozo,  
ou lavalo coa cabeza cara abaixo  
e chorar ás agochadas  
ou coa inocencia dos acabados de nacer.

89

E agora,  
malia que saiba dalgún xeito o que suman  $2+2$ ,  
a pesar de todo, agora xa o sei, seino ben,  
que entre nós as dúas calquera cousa que escribimos, escribimos,  
porque sabemos da felicidade escribimos  
e escribimos a felicidade.

## BERDIN-BERDIN

Berdin-berdin, egin dezagun kontu  
bi gehi bi galdetzeko premiarik ez duzula sentitzen,  
edota Frantziako hiriburuaz aritzekoa.

Ez duzu esaten eta ez da ez dakizulako,  
badakizulako baino.

Berdin-berdin, porru-patata zer den galdetzen badidazu,  
ez luke ondo emango  
edo emango luke ez hitz-egiteko gogoa duzula  
hitz egiteko baino gehiago.  
Emango luke beste norabaiteko edo norabaitera  
nahi zenukeela.

Berdin-berdin, nik ere ez dut sentitzen  
nor naizen edo nor haizen edo nor zaren  
esateko eta erantzuteko premiarik,  
denetan neu banintz bezala  
edota denetan izan ezin banintz bezala neu  
bakarrik.

## E ASÍ MESMO

E así mesmo, do mesmo xeito, deamos por feito  
que non sentes a necesidade de preguntar canto é  $2+2$   
ou de falar da capital de Francia.

Non o dis, e non porque non o saibas  
senón porque o sabes.

E así mesmo, non parecería axeitado  
se me preguntas a que chamo eu *allo porros con patacas*,  
daría a impresión de que prefires non falar a decir algo,  
como se preferises ser doutro lugar  
ou liscar a algures.

91

E así mesmo, tampouco eu sinto  
a necesidade de dicir, e menos de responder,  
sobre quen son, quen es ti, ou sobre que outra es,  
como se en todos puidese ser eu  
ou como se eu non puidese, neste todo canto poida ser,  
soa.

## ARANTZAK SORTU DITUZU

I

Arantzak sortu dituzu  
lore maitagarritzat izan nauzu eta.  
Makurtu zara, lurraldi muin ematera  
haize boladak bota nazakeelakoan,  
gotortu zara eta zurrundu  
jo behar nindutela asmatu orduko.

92

Lehertu arte ibili naizenean  
eta denega egin arte lan egin dudanean  
eutsi egin didazu.

Maite nauzu, gorputz...  
Nola onartuko dut bada  
zatar izan zintezkeena?

## DÉCHESME ESPIÑAS

I

Déchesme espiñas  
por se era a flor que amabas.  
Dobraches o lombo até bicar a terra  
e, para evitar que o refacho me golpease,  
que me derrubase,  
fixécheste duro e forte.

93

Termaches do meu peso,  
cada vez que camiñei até rebentar,  
cada vez que traballei até quebrar.

Ámasme, corpo...  
como podo aceptar, daquela,  
a posibilidade de non desexarte.

## II

Maite nauzu, gorputz...  
Nola onartuko dut bada  
behar ez zaitudana?

94

Eta orain, aittu,  
nekatuta zaude eta atseden hartu nahi duzuna...badakit,  
badakit, hotzago eta isilago eta ilunago iruditzen zaizula,  
orain, negua.

Aittu... Itxi begiak. Munduak uste du akabatua zaudela.  
Aittu...laga, zainduko zaitut nik, bitartean,  
atseden hartzen duzun bitartean.

II

Quérote, corpo.  
Como podería entón aceptar  
o feito de non precisar de ti.

E agora, entédeo,  
sei que estás esgotado e que cómpre descansar.  
E malia que agora o inverno  
parece máis frío, silencioso e escuro,

Escoita... pecha os ollos. O mundo cre que xa estás morto.  
Escoita... déitare. Son eu agora quen te coidará,  
e mentres, agora, respira a modo, acouga.

#### **IXO: LO-KANTA BAT AMA BATENTZAT**

Barru-barrura sartzen haiz  
isiltasun zurubietan barrena.  
Hotz egiten din neguan  
eta eguzkiak argi hotza ematen din.  
Pikotxetan jartzen haiz,  
kurubilkatzen haiz.

96

Ez dinat deituko,  
ez dinat hotsik aterako.

Egizan lo,  
hago,  
hadi,  
adi.

## SILENCIO: UNHA CÁNTIGA DE BERCE PARA UNHA NAI

Volves ás túas entrañas  
atravesando silencios brandos.  
Vai friaxe e a raxeira do sol en inverno  
ofrece só unha luz xeadá.  
Poste nas puntas dos pés,  
e acochas.

97

Non veño chamarte,  
non enunciarei.

Déixate caer no sono,  
velaí vai,  
veña,  
vai.

## PENSATU

Pensatu eta esan ezinaren arteko espazioa dun idaztea

-beraz-:

hirugarren espazio bat, beharbada,

sodioak okupatu ohi zuen hirugarren espazioa,

medikuak esaten zinanez beste inora iritsi ezinda geratzen diren  
botikek hartzen dutena bezalakoa,

existitu ez arren,

98

existitu ez arren

intentzioentzat, desirentzat, gogoarentzat, esperantzarentzat  
balekoa,

eta existitu ez arren

orain pentsamenduekin bezala idaztearekin

iritsi egin daiteke hirugarren espaziora

sodioa gorde eta banatzen duen gorputzaren

hirugarren espaziora,

sinestea bera hain nekeza izan arren.

## ESCRIBIR

Escribir desfecha un espazo entro o pensado e o indicible  
-xa que logo:-  
quizais un terceiro espazo,  
ese terceiro espazo que seica ocupaba o sodio  
e que, polo que comentaba o doutor, existiría  
porque algunas medicinas non chegan alí onde é preciso,  
e de non existir,


e de non existir  
resultaría tamén abondo  
para intencións e desexos, para a vontade e a esperanza,

e ao que mesmo sen existir

pódese acceder agora  
co pensamento e mais a escritura,  
o terceiro espazo do corpo  
que absorbe e distribúe o sodio,

malia que resulte increible.





## Luz Pichel

Alén (Lalín), 1947. Alterna a súa residencia en Madrid, onde vive desde 1970, con curtas estadías de acougo na súa aldea de Alén, en Galicia. Gusta de fronteiras, exilios, migracións e subalternidades. Por veces, utiliza materiais de reciclaxe, linguas “ruíns”, fonéticas esvaídas. É autora dos libros de poesía *El pájaro mudo* (Ed. La Palma, 1990, I premio “Ciudad de Santa Cruz de la Palma”), *La marca de los potros* (Diputación de Huelva, 2004, XXIV Premio hispanoamericano de poesía “Juan Ramón Jiménez”), *Casa Pechada* (Fundación Caixa Galicia, 2006, XXVI premio esquío de poesía en galego), *El pájaro mudo y otros poemas* (Universidad popular de San Sebastián de los Reyes, 2004). En 2012 publicou *cativa en su lughar/casa pechada* (Col. diminutos salvamentos, ed. Progresela, Madrid). En 2015, *tra(n)shumancias* (Col. eme, ed. La Palma, Madrid). O seu último libro ata o momento é *CO CO CO U* (Ed. La Uña Rota, 2017).

## NON CANTAR

(POR FÓRA NON, POR DENTRO)

Non cantes, non chores, non rias, non fales,  
Nin entres, nin sallas sin m'o perguntare.  
¡Válate San Pedro, con tanto gardarme!

—Ai, Rosiña, véñenche reis con obxectos  
de martirio.

a) Caixas de mistos:

Dinelesosreis(andanporaíadicir)queaspoboacións  
non dan dormido non se dá con tanta cantaruxad  
con tanta cantaruxada de ghrilos (nós véndoas vir).  
Un día coas primeiras estrelas dunha noite de aghos  
coas primeiras estrelas de aghosto unha noite de  
grilos encomendan aos seus subalternos estrelas ma  
marchar de viaxe aos aghros de Alén coas primeiras  
de aghosto: atacade ghrilos con pas recollede en cai  
en caixas de mistos bichiños trompetistas. E (por fór  
a) din perdón perdón donos do romanticismo do ver  
do verán. Despois arríncanlle ás e patas e turrando  
turrando *te quiero a morir te quiero a morir* din: viol  
violinistas shakespeareanos: ux ux fóra xa non vos or  
tóptero máis fóra a sensualidade pecaminosa da vos  
da vosa neghritude territorial comedores de orballo á  
ialba como dicía a Safo tratándose de ghrilos.

(cae néboa a farrapos  
eirughas roen ghromos de buxo  
trasnos furan ribadas)

b) Bauliños

Pechan nenos en bauliños por teren o cante na punta da lingua. Déixanos onda as coles *olha que cois olha que coisa mais linda* un baúl entre as coles bó tanllés augha e alcloques. E perdón perdón din face facendo que choran (por fóra) e por dentro para si ente eles soletrean os reis enredantes: o cantar acab o cantar acabou (que acab non era): ux araleiras mestizos tapaburatos aghrodezana rapasuela corpúsc corpúscula crepuscular ghreghoriana contumaz das ghamíneas congostras valados ghalaxias saltarican saltaricando ghalaxias valados congostras.

(barruñeira, chuvisca.  
vense homiños, ou nenos, anicados  
detrás do último banco)

c) Frautas ceghas, aghullas e fío:

Unha nena asubía e o pai *en cada esquina un amigo*  
para aquietala pobre acomódalle unha frauta nos lab  
nos labios para aquietala un pouquiño peero pero  
(velaí veñen vindo) os reis polimorfos cósenlle a boc  
cóselle a boca á rapaza ao pardal. —E a frauta?—  
Ai a frauta! A frauta foxen os reis con ela para o mu  
para o museo das cousas e din (por fóra) perdón pe  
rdón e din entre eles: ux ux indíxenas de bata de ca  
de bata de cadros castaña no peto do mandil desce  
ndencia mighrada denighrada de cadeiras lixeiras pa  
parindo en palleiras entre ghata e ovella precolomb  
inas afumades a casa do pai co fume enxebrista da x  
da xesta coa silva a casa do pai coa xesta a palleira  
coa gata as ovellas a casa da ancestra co fume da pól  
da pól da xibarda da xebra do mar (o caso é bruar).

(borraxada, neboeira, fuscallo.  
sentan rapazas detrás da cociña,  
encollen a cabeza dentro da gorxa)

d)—E remedio non hai? —Non, *santiña*:

Os pais e mailas coloradiñas nais e as avoas más espelidas pónense a cavilar que se podería para se entender para se entender sen canto as comunidades: se tecer amasar ou largar polo mar se dar golpes co pau peer peeero pero así sen acento *bye bye miss american pie* non hai maneira zoa coma zunido de zon de zoca coma zunido de zon de zoca a zúa ladaíña ou coma a lingua xorda dos ratos no faiado da casa que nin v que nin veciños hai arredor. —E non se lles cae a caza? —Cae cae claro que cae e co tempo esfaragúll esfaragúllanselle os corpos así sen son. Os seus tons londinienses chegan de tralos mares as palabras se semellan parecen velliñas de morrer e inconsciente s retornan ao seu peero pero os reis lévanos a todos lévanos a todos (velalí veñen rindo) para os seus calavoces da xente.

(arroiada, dioivo.  
aghóchanse mulleres debaixo  
do comedeiro das vacas)

e) fosa ou garrote

E que pasará cando os racializados ghrilos volvan cantar que non hai quen os coute animaliños que cant que cantan encerrados e todo *sólo se vive una vez si te quieren controlar tú dale?* Que pasa se tes que pensar como se di? *se non entendes cando fala un nativo nunha hora vai cambiar radicalmente a túa té a túa técnica.* Pois a vida acabou para os ghriliños morrerían e para a fosa común dos heroes da comarca dos heroes da comarca ou para o garrote coma o Foucellas. As noites do val do Deza quedarían desoladas quedarián desoladísimas sen gaita nin foliada (oooh *la folie douce de los ghrillos*) sen arte canta tristrura nin parte pobres prados famosos como eles foran. E se as mamás tentan adormecer as súas crías con aquela con aqueladiñas frases as súas criaturas e con alboradas e arrolos como adoitaban ea ea é /ea ea é/ ea e


106

ea ea é? Non sei non sabería. E e e tampouco sei o que lle farían os reis ás mamás mellor non saber alg algo moi malísimo seguro mellor non o sabere. Un día ímonos xuntar gordas e fracas e ghrilos e ras lava lavandeiras e sapos pardais paporrubios e rabilonga s pardáis e paporrubios e ras e mozas e vellas e pard e pardais e grilos e sapos e lavandeiras e rabilongas e vellas e mozas e xa verás ti e gordas e fracas santiñ *santiña* más loba ca moito más loba ca santa más lista más muller ca santa. Daquelas que cantan a má a más fera de todas ti miña reina.

(lumarada  
ardelmundo!  
noite de San Xoan



# Índice de poetas








Pax.

Anna Gas Serra .....	15
Antón Blanco Casás .....	27
Alba Cid .....	39
Genaro da Silva Méndez .....	51
José Rui Teixeira .....	61
Berta Piñán Suárez .....	71
Tere Irastortza Garmendia .....	83
Luz Pichel .....	101



Algúns textos de Rosalía  
de Castro cos que se pode  
acompañar a viaxe de  
Rosalía en Camiño 2021



# Índice

## Cantares gallegos

Como chove miudiño ..... 115

## Follas Novas

Adiós ..... 119

Na Catredal ..... 120

Ó pazo de A. ..... 123

Padrón...! Padrón...! ..... 124

As Torres de Oeste ..... 126

## En las orillas del Sar

Orillas del Sar ..... 128

Santa Escolástica ..... 134

## Cantares gallegos (1863)

*Como chove miudiño,  
como miudiño chove;  
como chove miudiño  
pola banda de Laíño,  
pola banda de Lestrobe.*

Como a triste branca nube  
truba o sol que inquieto alumá,  
cal o crube i o descrube,  
pasa, torna, volve e sube,  
enrisada branca pruma!

Xa, dempois, lonxe espallada  
polos aires fuxitivos,  
desteñida, sombrisada,  
nos espazos desatada,  
cae brillando en raios vivos.

Misteriosa regadeira  
fino orballo no chan pousa  
con feitiña curvadeira,  
remollando na ribeira  
frol por frol, chousa por chousa.

Semellando leve gasa  
que sotil o vento move,  
en frotantes ondas pasa  
refrescando canto abrasa,  
o que o sol ardente crobe.

Como chove miudiño  
polas veigas de Campaña!  
Cal se enxugan de camiño  
os herbales de Laíño!  
Como a Ponte en sol se baña!

Para Caldas todo é escuro,  
ceo azul lose na Adina,  
trasparente, limpo e puro;  
da Arretén no monte duro  
nube corre pelegrina.

Triste vai, que á terra toca  
xa cos pés de branca neve,  
xa ca fina fresca boca;  
triste vai, que ós ceos invoca  
i a bicar o chan se atreve.

Triste vai cando se abate  
vaporosa, soia e muda,  
cando maina as alas bate  
como un corazón que late  
ferido por pena ruda.

Tal maxino a sombra triste  
de mi maa, soia vagando  
nas esferas onde existe;  
que ir á groria se resiste,  
polos que quixo agardando.

Vexo o Souto en parda sombra  
envolvendo o seu ramaxe,  
que por bon, do Rei se nombra,  
donde fero o vento asombra,  
roxo e estala de coraxe.

I o Palacio, serio e grave,  
canto en pura luz se baña!  
Tal parés pesada nave  
que volver ó mar non sabe,  
se encallou na fresca braña.

Vexo Valga á beira hermosa  
dun camiño todo prata,  
casta virxe candorosa,  
sentadiña en chan de rosa,  
vestidiña de escalrata.

A San Lois vexo brillando  
bañado por tintas puras,  
sol e sombras amostrando,  
en reposo contemprando  
montes, augas e verduras.

I a Padrón, ponliña verde,  
fada branca ó pé dun río,  
froita en frol da que eu quixerde,  
lonxe miro que se perde  
baixo un manto de resío.

Que inchadiña branca vela  
antre os millos corre soa,  
misteriosa pura estrela!  
Dille o vento en torno dela:  
«Palomiña, voa!, voa!»

Faille arrolo a branda ría  
cun remanso mormuxante,  
que nás da arboleda umbría  
baixo un toldo de alegría,  
ó calor dun sol amante.

Sol de Italia, sol de amore...!  
¿Ti paisax mellor alumas?  
¿Ti más rosas, más verdore,  
mellor ceu, más soave core  
ves do golfo antre as espumas?

Sol de Italia, eu non sospiro  
por sentirte ardente raio!  
Que outro sol temprado miro;  
docemente aquí respiro  
nun perene, eterno maio.

Nesta terra tal encanto  
se respira... Triste ou probe,  
rico ou farto de querbanto,  
se encariña nela tanto  
quen baixo o seu ceu se crobe!...

Os que son nela nacidos,  
os que son dela mimados,  
lonxe dela están doridos  
porque van de amor feridos  
por quen fono amamantados.

Polos fillos a nai tira,  
xorda, triste, plañideira,  
xeme, chora, e mais sospira,  
e non para, hastra que os mira  
ben chegar por derradeira.

Probe nai, canto te quero!  
Nai tamén, ai!, da nai miña!  
O teu chan de amor prefiero,  
a canto hai grande ou severo  
en toda a terra xuntiña.

¿Como non si ora estou vendeo,  
nun paisax de prata e rosas,  
canto a vida foi querendo,  
cos meus ollos remexendo  
memoriñas cariñosas?

Bosques, casa, sepulturas,  
campanarios e campanas  
con sons vagos de dozuras  
que despertan, ai!, ternuras  
que en jamáis podrán ser vanas!

Elas fono as que tocaron  
cando os meus alí naceron;  
elas fono as que choraron,  
elas fono as que dobraron  
cando os meus avós morreron.

Elas fono as que alegríñas  
me chamaban mainamente  
nas douradas mañanciñas,  
de mi maa cas cantiguiñas  
i os biquiños xuntamente.

Inda vexo onde xogaba  
cas meniñas que eu quería,  
o enxidiño onde folgaba,  
os rosales que coidaba  
i a fontiña onde bebia.

Vexo a rúa solitaria  
que en paz baña un sol sereno,  
sin que a trube man contraria,  
igual sempre, nunca varia,  
veiga llana en campo ameno.

E tamén vexo enloitada  
da Arretén a casa nobre,  
donde a miña nai foi nada,  
cal viudiña abandonada  
que cai triste ó pé dun robre.

Alí está, sombra perdida,  
vos sin son, corpo sin alma,  
amazona mal ferida  
que ó sentir que perde a vida  
se adormece en xorda calma.

Casa grande lle chamaban  
noutro tempo venturoso,  
cando os probes a improrabán,  
e fartiños se quentaban  
ó seu lume cariñoso.

Casa grande, cando un santo  
venerable cabaleiro<sup>1</sup>  
con tranquilo, nobre encanto,  
baixo os priegues do seu manto  
cobexaba ó perdiouseiro.

Cando os cantos na capilla  
da Gran casa resoaban  
con fervor e fe sensilla,  
rico fruto da semilla  
que os varóns santos sembraban.

1. As virtudes verdadeiramente evanxélicas deste cabaleiro, tan amado dos que o conoceron, inspiráronme un libro, que non tardarei en publicalo con o título de Historia de mi abuelo. Nel rindo un tributo de admiración e amor a aquel cuia maior sabiduría consisteu sempre en facer o ben a ollos cerrados e con man cariñosa. (Nota da autora)

Ora todo silensioso  
causa alí medo e pavura,  
mora esproto temeroso  
nos salóns onde o reposo  
fixo un niño ca tristura.

Risas, cantos, harmonía,  
brandas músicas, contento,  
festas, dansas, alegría,  
se trocou na triste e fría,  
xorda vos do forte vento.

No gran patio as herbas crecen  
vigorosas sin coidado,  
i as silveiras que frorecen  
no seu tempo fruto ofrecen  
ós meniños sazonado.

I ante aquel silencio mudo  
que a trubar naide alí chega,  
antre aquel xa fun! tan rudo,  
vese inteiro un nobre escudo  
que a desir non son se nega.

Craros timbres mostra ufano  
cun soberbo casco airoso...  
mais detrás dun son tan vano  
vese o probe orgullo humano,  
homillado e polvoroso.

Tras da calada visera,  
que hai uns ollos feridores  
que nos miran, se dixera;  
que nons din: todo é quimera  
neste mundo de dolores.

Casa grande!, triste casa!,  
quen de aquí tan soia miro  
parda, escura, triste masa,  
casa grande!, pasa, pasa...  
Ti xa n'es más que un sospiro.

Meus avós, ai!, xa morreron,  
os demais te abandonaron,  
os teus lustros pereceron,  
i os que millor te quixeron,  
tamén de ti se apartaron.

Mes tras mes, pedra tras pedra,  
ti te irás desmoronando  
ceñida por sintas de hedra,  
mentras que outra forte medra,  
que así o mundo vai rolando.

Mais que lus, que colorido  
nos espazos se dilata!  
Luce o sol descolorido  
i arco de iris xa nacido  
longa sinta se desata.

*Como chove miudiño,  
como miudiño chove;  
como chove miudiño  
pola banda de Laiño,  
pola banda de Lestrobe.*

## *Follas novas (1880)*

### **ADIÓS!**

Adiós, montes e prados, igrexas e campanas!  
Adiós, Sar e Sarela, cubertos de enramada!  
Adiós, Vidán alegre, moíños e hondanadas;  
Conxo o do craustro triste i as soedades prácidás;  
San Lourenzo o escondido, cal un niño antre as ramas;  
Balvís, para min sempre o das fondas lembranzas;  
Santo Domingo, en donde canto eu quixen descansa,  
vidas da miña vida, anacos das entrañas.  
E vós tamén sombrisas paredes solitarias  
que me vícheis chorare soia e desventurada,  
adiós, sombras queridas; adiós, sombras odiadas;  
outra vez os vaivéns da fertuna  
pra lonxe me arrastran.

119

Cando volver, se volvo, todo estará onde estaba:  
os mesmos montes negros i as mesmas alboradas  
do Sar e do Sarela, mirándose nas augas;  
os mesmos verdes campos, as mesmas torres pardas,  
da catredal severa, ollando as lontananzas.

Mais os que agora deixo, tal coma a fonte mansa  
ou no verdor da vida, sin tempestás nin bágoas,  
canto, cando eu tornare vítimas da mudanza  
terán de présa andado, na senda da desgracia!  
I eu..... mais eu nada temo no mundo  
que a morte me tarda!

## NA CATREDAL

Como algúн día polos corrunchos  
do vasto templo,  
vellos e vellas, mentras monean,  
silban as salves i os padrenuestros  
i os arcebispos nos seus sepulcros,  
reises e reinas con gran sosego  
na paz dos mármores tranquilos dormen  
mentras no coro cantan os cregos.  
O órgano lanza tristes cramos,  
os das campanas responden lexos  
i a santa imaxen do Redentore  
parés que suda sangre no Huerto.

120

Señor Santísimo, ós teus pés canto  
tamén de angustia sudado teño!  
Mais se o pecado castigas sempre,  
ó que afrixido vai á pedircho  
daille remedio.

O sol poniente polas vidreiras  
da Soledade lanza serenos  
raios que firen descoloridos  
da Groria os ánxeles i o Padre Eterno.  
Santos e apóstoles, védeos!, parecen  
que os labios moven, que falan quedo  
os uns cos outros, e aló na altura  
do ceu a música vai dar comenso,  
pois os groriosos concertadores  
tempran risoños os instrumentos.

Estarán vivos? Serán de pedra  
aqués sembrantes tan verdadeiros,  
aquelas túnicas marabillosas,  
aqueles ollos de vida cheos?  
Vós que os fixeches de Dios ca axuda  
de inmortal nome, Mestre Mateo,  
xa que aí quedaches hornildemente  
arrodillado, falaime deso;  
mais co eses vosos cabelos rizos  
*Santo dos Croques*, calás... i eu rezo.

Aquí está á Groria, mais naquel lado  
naquela arcada, negrexo o inferno  
cas almas tristes dos condanados,  
onde as devoran tódolos demos.  
De alí non podo quita-los ollos,  
mitá asombrada, mitá con medo,  
que aqueles todos se me figuran  
os dun delirio, mortaes espeutros.

Como me miran eses calavres  
i aqueles deños!  
Como me miran facendo moecas  
dende as columnas onde os puxeron!  
Será mentira, será verdade?  
Santos do ceo,  
saberán eles que son a mesma  
daqueles tempos...?  
Pero xa orfa, pero enloitada,  
pero insensibre cal eles mesmos...  
Como me firen...! Voume, si voume,  
que teño medo!

Mais xa nos vidros da grande araña  
cai o postreiro  
raio tranquilo que o sol da tarde  
pousa sereno;  
e en cada prancha da araña hermosa  
vivos refrexos,  
cintileando coma as estrelas,  
pintan mil cores no chan caendo  
e fan que a tola da fantesía,  
soñe milagres, finxa portentos.

Mais de repente veñen as sombras,  
todo é negrura, todo é misterio,  
adiós alxofres e marabillas...  
Tras do Pedroso púxose Febo.

122

Coma pantasmas cruzan as naves  
silbando salves e padre nuestros,  
vellos e vellas que a Dios lle piden,  
el tan só sabe, cales remedios;  
que cando o mundo nos deixa é soio  
cando buscamos con ansia o ceo.

Ós pés da Virxen da Soledade,  
de moitos anos nos conocemos...!,  
a oración dixen que antes dicía,  
fixen memoria dos meus sacretos,  
para mi madre deixei cariños,  
para os meus fillos miles de beixos,  
polos verdugos do meu espirito  
recei... e funme pois tiña medo.

## Ó PAZO DA A...

Era ó caer da tarde,  
encomenzaba o cántico dos grilos,  
xorda a presa ruxía,  
brilaban lonxe os lumes fuxitivos.  
Ó pe do monte maxestuoso erguíase  
na aldea escura o caserón querido,  
ca oliva centenaria  
de cortinax ó ventanil servindo.  
Deserta a escalinata,  
soio o paterno niño,  
e enriba del caendo misteriosas  
coas sombras do crepúsculo as do olvido.

123

Quen ó pasado volve  
os ollos compasivos?  
Quen se lembra dos mortos  
se inda non poden recordarse os vivos?

*Padrón...! Padrón...!  
Santa María... Lestrobe...  
Adiós! Adiós!*

**I**

Aquelhas risas sin fin,  
aquele brincar sin dolor,  
aquella louca alegría,  
por que acabou?  
Aqueles doces cantares,  
aqueellas falas de amor,  
aqueellas noites serenas,  
Por que non son?  
Aquel vibrar sonoro  
das cordas da arpa i os sons  
da guitarra malencónica,  
quen os levou?  
Todo é silensio mudo,  
soidá, delor,  
onde outro tempo a dicha  
sola reinou...

124

*Padrón...! Padrón...!  
Santa María, Lestrobe...  
Adiós! Adiós!*

**II**

O simiterio da Adina  
n'hai duda que é encantador,  
cos seus olivos escuros  
de vella recordazón;  
co seu chan de herbas e frores  
lindas cal n'outras dou Dios;  
cos seus canónegos vellos  
que nel se sentan ó sol;  
cos meniños que alí xogan  
contentos e rebuldós;  
cas lousas brancas que o cruben  
e cos húmedos montóns  
de terra; onde algunha probe  
ó amañecer se enterrou.

Moito te quixen un tempo,  
simiterio encantador,  
cos teus olivos escuros,  
máis vellos que os meus avós,  
cos teus cregos venerables,  
que se iban sentar ó sol,  
mentras cantaban os páxaros  
as matutinas cancións,  
e co teu osario humilde  
que tanto respeto impón  
cando da luz que nel arde  
ve un de noite o resprandor.  
Moito te quixen e quérote,  
eso ben o sabe Dios;  
mas hoxe, ó pensar en ti,  
núbraseme o corazón,  
que a terra está removida,  
negra e sin frols.

*Padrón...! Padrón...!  
Santa María... Lestrobe...  
Adiós! Adiós!*

### III

Fun un día en busca deles,  
palpitante o corazón.

Funos chamando un a un  
e ningún me contestou.

Petei nunha i outra porta:  
non sentín fala nin voz,  
cal nunha tomba baldeira  
o meu petar resonou.

Mirei pola pechadura:  
que silensio...!, que pavor...!  
Vin nomais sombras errantes  
que iban e viñan sin son,  
cal voan os lixos leves  
nun raio do craro sol.

Erguéronseme os cabelos  
de estrañeza e de delor.  
Nin un soio...!, nin un soio...!  
Donde están?, que deles foi?

O triste son da campana  
vagoroso a min chegou...  
Tocaba a morto por eles...!

*Padrón...! Padrón...!  
Santa María... Lestrobe...  
Adiós! Adiós!*

## AS TORRES DE OESTE

A iaugua corría  
polo seu camiño  
i eu iba ó pé dela  
preto dos Laíños  
sin poder cas penas  
que moran conmigo.

Con tamaña carga,  
para donde eu iba?  
A Virxe sabraio,  
que eu no o sabía;  
mais seica fuxindo  
de min mesma iña.

Por antre os herbales,  
profunda e sombrisa,  
cal unha sarpente  
de escamas bruñidas,  
brilaba ós meus ollos  
dándome cobiza.

Estaba tan soia!  
Nin bote, nin lancha,  
nin velas, nin remos,  
a vista alegraban,  
e soia-las veigas  
tamén se quedaran.

Qué bonitas eran  
noutro tempo as rosas  
que naqueles campos  
medran e se esfollan!  
Mais muchas estonces  
se amostraban todas.

I o sol, cal a lúa  
en noite de brétema,  
brilaba tembrando  
por antre as vimbieiras,  
tan descolorido  
coma a mesma cera.

I ó ferir as ondas  
revoltas e oscuras,  
víanse no espeso  
da negra fondura  
as herbas marinas  
e longas que a surcan.

De pronto unha i outra  
poñéndome medo,  
as loitosas cruces  
se me apareceron,  
que se erguen na orela  
cal nun cimiterio.

Meu ben, onde moras?,  
perguntei chorando.  
Xa que ti morreche,  
no mundo, que fago  
coma vós, ou torres!,  
soia e sin amparo?

Soidás me consomen,  
bágoas me alimentan,  
sombras me acompañan,  
cómeme a tristeza.  
Quen pode con tanta  
fartura de penas!

I eu non sei que negra  
tentazón maldita  
me afrixeu o esprito,  
me anubrou a vista,  
e sorreume como  
me o demo sorrira.

Dende a fonda orela  
mirei arredore...  
A marea viva  
petaba nas torres,  
orfas antre a líquida  
sabán que as envolve.

—Alá vou!, lles dixen.  
—Daime morte dose,  
auguas onde as penas  
para sempre dormen...  
Saltei... i a corrente  
calada levoume.

.....  
.....  
.....

Ou Torres de Oeste!  
Malas tentadoras,  
auguas apromadas  
de calma treidora,  
cómaros pelados  
onde o corvo pousa.

Ou Torres de Oeste!  
Tan soias e mudas,  
ca vosa atentaches  
a miña tristura.  
Ningún triste vaia  
cabo de vós nunca.

Dos desamparados  
tendes o menaxen,  
i áinda ó redor voso  
non rexorde o aire  
coma si temese  
de vos despertare.

É das que se apegan  
a tristeza vosa,  
das que o peito oprimen,  
das abrumadoras,  
que ó inferno encamiñan  
as almas loitasas.

Que se inda estou viva  
foi que un mariñeiro  
medio morimunda,  
por estes cabelos  
tróuxome das ondas  
ó mundo en que peno.

Non vaiades nunca,  
eu volo aconsello,  
ás Torres de Oeste  
co corazón negro.

## *En las orillas del Sar (1884)*

### ORILLAS DEL SAR

#### I

A través del follaje perenne  
que oír deja rumores extraños,  
y entre un mar de ondulante verdura,  
amorosa mansión de los pájaros,  
desde mis ventanas veo  
el templo que quise tanto.

128

El templo que tanto quise...,  
pues no sé decir ya si le quiero,  
que en el rudo vaivén que sin tregua  
se agitan mis pensamientos,  
dudo si el rencor adusto  
vive unido al amor en mi pecho.

#### II

¡Otra vez!, tras la lucha que rinde  
y la incertidumbre amarga  
del viajero que errante no sabe  
dónde dormirá mañana,  
en sus lares primitivos  
halla un breve descanso mi alma.

Algo tiene este blando reposo  
de sombrío y de halagüeño,  
cual lo tiene, en la noche callada,  
de un ser amado el recuerdo,  
que de negras traiciones y dichas  
inmensas, nos habla a un tiempo.

Ya no lloro..., y no obstante, agobiado  
y afligido mi espíritu, apenas  
de su cárcel estrecha y sombría  
osa dejar las tinieblas  
para bañarse en las ondas  
de luz que el espacio llenan.

Cual si en suelo extranjero me hallase,  
tímida y hosca, contemplo  
desde lejos los bosques y alturas  
y los floridos senderos  
donde en cada rincón me aguardaba  
la esperanza sonriendo.

129

### III

Oigo el toque sonoro que entonces  
a mi lecho a llamarme venía  
con sus ecos que el alba anunciaban,  
mientras, cual dulce caricia,  
un rayo de sol dorado  
alumbraba mi estancia tranquila.

Puro el aire, la luz sonrosada,  
¡qué despertar tan dichoso!  
Yo veía entre nubes de incienso,  
visiones con alas de oro  
que llevaban la veda celeste  
de la fe sobre sus ojos...

Ese sol es el mismo, mas ellas  
no acuden a mi conjuro;  
y a través del espacio y las nubes,  
y del agua en los limbos confusos,  
y del aire en la azul transparencia,  
¡ay!, ya en vano las llamo y las busco.

Blanca y desierta la vía  
entre los frondosos setos  
y los bosques y arroyos que bordan  
sus orillas, con grato misterio  
atraerme parece y brindarme  
a que siga su línea sin término.

Bajemos, pues, que el camino  
antiguo nos saldrá al paso,  
aunque triste, escabroso y desierto,  
y cual nosotros cambiado,  
lleno aún de las blancas fantasmas  
que en otro tiempo adoramos.

130

#### IV

Tras de inútil fatiga, que mis fuerzas agota,  
caigo en la senda amiga, donde una fuente brota  
siempre serena y pura,  
y con mirada incierta busco por la llanura  
no sé qué sombra vana o qué esperanza muerta,  
no sé qué flor tardía de virginal frescura  
que no crece en la vía arenosa y desierta.

De la oscura *Trabanca* tras la espesa arboleda,  
gallardamente arranca al pie de la vereda  
*La Torre* y sus contornos cubiertos de follaje,  
prestando a la mirada descanso en su ramaje

cuando de la ancha vega por vivo sol bañada  
que las pupilas ciega,  
atraviesa el espacio, gozosa y deslumbrada.

Como un eco perdido, como un amigo acento  
que sueña cariñoso,  
el familiar chirrido del carro perezoso  
corre en alas del viento y llega hasta mi oído  
cual en aquellos días hermosos y brillantes  
en que las ansias mías eran quejas amantes,  
eran dorados sueños y santas alegrías.

Ruge la *Presa* lejos..., y, de las aves nido,  
*Fondóns* cerca descansa;  
la cándida abubilla bebe en el agua mansa  
donde un tiempo he creído de la esperanza hermosa  
beber el néctar sano, y hoy bebiera anhelosa  
las aguas del olvido, que es de la muerte hermano;  
donde de los vencejos que vuelan en la altura,  
la sombra se refleja;  
y en cuya linfa pura blanco el nenúfar brilla  
por entre la verdura de la frondosa orilla.

131

## V

¡Cuán hermosa es tu vega, oh Padrón, oh Iria Flavia!  
Mas el calor, la vida juvenil y la savia  
que extraje de tu seno,  
como el sediento niño el dulce jugo extrae  
del pecho blanco y lleno,  
de mi existencia oscura en el torrente amargo  
pasaron, cual barrida por la inconstancia ciega,  
una visión de armiño, una ilusión querida,  
un suspiro de amor.

De tus suaves rumores la acorde consonancia,  
ya para el alma yerta tornose bronca y dura  
a impulsos del dolor;  
secáronse tus flores de virginal fragancia;  
perdió su azul tu cielo, el campo su frescura,  
el alba su candor.

La nieve de los años, de la tristeza el hielo  
constante, al alma niegan toda ilusión amada,  
todo dulce consuelo.

Sólo los desengaños preñados de temores,  
y de la duda el frío,  
avivan los dolores que siente el pecho mío,  
y ahondando mi herida,  
me destierran del cielo, donde las fuentes brotan  
eternas de la vida.

132

## VI

¡Oh tierra, antes y ahora, siempre fecunda y bella!  
Viendo cuán triste brilla nuestra fatal estrella,  
del Sar cabe la orilla,  
al acabarme, siento la sed devoradora  
y jamás apagada que ahoga el sentimiento,  
y el hambre de justicia, que ábate y que anonada  
cuando nuestros clamores los arrebata el viento  
de tempestad airada.

Ya en vano el tibio rayo de la naciente aurora  
tras del *Miranda* altivo,  
valles y cumbres dora con su resplandor vivo;  
en vano llega mayo de sol y aromas lleno,  
con su frente de niño de rosas coronada,  
y con su luz serena:  
en mi pecho ve juntos el odio y el cariño,  
mezcla de gloria y pena,  
mi sien por la corona del mártir agobiada  
y para siempre frío y agotado mi seno.

## VII

Ya que de la esperanza, para la vida mía,  
triste y descolorido ha llegado el ocaso,  
a mi morada oscura, desmantelada y fría,  
tornemos paso a paso,  
porque con su alegría no aumente mi amargura  
la blanca luz del día.

133

Contenta el negro nido busca el ave agorera;  
bien reposa la fiera en el antro escondido,  
en su sepulcro el muerto, el triste en el olvido  
y mi alma en su desierto.

## Santa Escolástica

### I

Una tarde de abril, en que la tenue  
llovisna triste humedecía en silencio  
de las desiertas calles las baldosas,  
mientras en los espacios resonaban  
las campanas con lentes vibraciones,  
dime a marchar, huyendo de mi sombra.

Bochornoso calor que enerva y rinde,  
si se cierne en la altura la tormenta,  
tornara el aire irrespirable y denso.

134

Y el alma ansiosa y anhelante el pecho  
a impulsos del instinto iban buscando  
puro aliento en la tierra y en el cielo.

Soplo mortal creyérase que había  
dejado el mundo sin piedad desierto,  
convirtiendo en sepulcro a Compostela.  
Que en la santa ciudad, grave y vetusta,  
no hay rumores que turben importunos  
la paz ansiada en la apacible siesta.

## II

-¡Cementerio de vivos! -murmuraba  
yo al cruzar por las plazas silenciosas  
que otros días de glorias nos recuerdan.  
¿Es verdad que hubo aquí nombres famosos,  
guerreros indomables, grandes almas?  
¿Dónde hoy su raza varonil alienta?

La airosa puerta de Fonseca, muda,  
me mostró sus estatuas y relieves  
primorosos, encanto del artista;  
y del gran Hospital, la incomparable  
obra del genio, ante mis tristes ojos  
en el espacio dibujose alta.

Después la catedral, palacio místico  
de atrevidas románicas arcadas,  
y con su Gloria de bellezas llena,  
me pareció al mirarla que quería  
sobre mi frente desplomar, ya en ruinas,  
de sus torres la mole gigantesca.

Volví entonces el rostro, estremecida,  
hacia donde atrevida se destaca  
del Cebedeo la celeste imagen,  
como el alma del mártir, blanca y bella,  
y vencedora en su caballo airoso,  
que galopando en triunfo rasga el aire.

Y bajo el arco oscuro, en donde eterno  
del oculto torrente el rumor suena,  
me deslicé cual corza fugitiva,  
siempre andando al azar, con aquel paso  
errante del que busca en donde pueda  
de sí arrojar el peso de la vida.

Atrás quedaba aquella calle adusta,  
camino de los frailes y los muertos,  
siempre vacía y misteriosa siempre,  
con sus manchas de sombra gigantescas  
y sus claros de luz, que hacen más triste  
la soledad, y que los ojos hieren.

Y en tanto... la llovezna, como todo  
lo manso, terca, sin cesar regaba  
campos y plazas, calles y conventos  
que iluminaba el sol con rayo oblicuo  
a través de los húmedos vapores,  
blanquecinos a veces, otras negros.

### III

Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo,  
a un tiempo apetecida y detestada,  
cuál ser que nos atrae y nos desdeña:  
algo hay en ti que apaga el entusiasmo,  
y del mundo feliz de los ensueños  
a la aridez de la verdad nos lleva.  
¡De la verdad! ¡Del asesino honrado  
que impasible nos mata y nos entierra!

¡Y yo quería morir! La sin entrañas,  
sin conmoverse, me mostrara el negro  
y oculto abismo que a mis pies abrieran;  
y helándome la sangre, fríamente,  
de amor y de esperanza me dejara,  
con sólo un golpe, para siempre huérfana.

«¡La gloria es humo! El cielo está tan alto  
y tan bajos nosotros, que la tierra  
que nos ha dado volverá a absorbernos.  
¡Afanarse y luchar, cuando es el hombre  
mortal ingrato y nula la victoria!  
¿Por qué, aunque haya Dios, vence el infierno?»

Así del dolor víctima, el espíritu  
se rebelaba contra cielo y tierra...  
mientras mi pie inseguro caminaba;  
cuando de par en par vi abierto el templo,  
de fieles despoblado, y donde apenas  
su resplandor las lámparas lanzaban.

#### IV

137

Majestad de los templos, mi alma femenina  
te siente, como siente las maternas dulzuras,  
las inquietudes vagas, las ternuras secretas  
y el temor a lo oculto tras de la inmensa altura.

¡Oh, majestad sagrada! En nuestra húmeda tierra  
más grande eres y augusta que en donde el sol ardiente  
inquieta con sus rayos vivísimos las sombras  
que al pie de los altares oran, velan o duermen.

Bajo las anchas bóvedas, mis pasos silenciosos  
resonaron con eco armonioso y pausado,  
cual resuena en la gruta la gota cristalina  
que lenta se desprende sobre el verdoso charco.

Y aun más que los acentos del órgano y la música sagrada, conmovíome aquel silencio místico que llenaba el espacio de indefinidas notas, tan sólo perceptibles al conturbado espíritu.

Del incienso y la cera el acusado aroma que impregnaba la atmósfera que allí se respiraba, no sé por qué, de pronto, despertó en mis sentidos de tiempos más dichosos reminiscencias largas.

Y mi mirada inquieta, cual buscando refugio para el alma, que sola luchaba entre tinieblas, recorrió los altares, esperando que acaso algún rayo celeste brillase al fin en ella.

138

Y... ¡no fue vano empeño ni ilusión engañosa! Suave, tibia, pálida la luz rasgó la bruma y penetró en el templo, cual entre la alegría de súbito en el pecho que las penas anublan.

¡Ya yo no estaba sola! En armonioso grupo, como visión soñada, se dibujó en el aire de un ángel y una santa el contorno divino, que en un nimbo envolvía vago el sol de la tarde.

Aquel candor, aquellos delicados perfiles de celestial belleza, y la inmortal sonrisa que hace entreabrir los labios del dulce mensajero mientras contempla el rostro de la virgen dormida

en el sueño del éxtasis, y en cuya frente casta  
se transparenta el fuego del amor puro y santo,  
más ardiente y más hondo que todos los amores  
que pudo abrigar nunca el corazón humano;

  aquel grupo que deja absorto el pensamiento,  
que impresiona el espíritu y asombra la mirada,  
me hirió calladamente, como hiere los ojos  
cegados por la noche la blanca luz del alba.

  Todo cuanto en mí había de pasión y ternura,  
de entusiasmo ferviente y gloriosos empeños,  
ante el sueño admirable que realizó el artista,  
volviendo a tomar vida, resucitó en mi pecho.

  Sentí otra vez el fuego que ilumina y que crea  
los secretos anhelos, los amores sin nombre,  
que como al arpa eólica el viento, al alma arranca  
sus notas más vibrantes, sus más dulces canciones.

  Y orando y bendiciendo al que es todo hermosura,  
se dobló mi rodilla, mi frente se inclinó  
ante Él, y conturbada, exclamé de repente:  
«¡Hay arte! ¡Hay poesía...! Debe haber cielo. ¡Hay Dios!»



**Casa de Rosalía**  
A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[rosalia.gal](http://rosalia.gal)